

Documento distribuído por



Desde outra mirada

Agustín Fernández Paz

Data de publicación: 02-4-2010



Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2º andar. 15705 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno.: 981957202 / Fax: 981957205 / xenero@consellodacultura.org

Desde outra mirada

Agustín Fernández Paz

1. Na procura dos fíos da vida

Aínda que se exprese con imaxes e metáforas diversas, a idea de que a escrita se constrúe cos fíos da vida aparece de xeito reiterado nas reflexións de moitos autores. Tamén no meu caso, xaora¹. Así que, se quero explicar por que moitos dos meus libros están protagonizados por mulleres ou rapazas e por que adoito crear voces narradoras femininas cando emprego a narración en primeira persoa, debo indagar nas miñas experiencias e atopar os fíos que axuden a entendelo.

Non sabería dicir ben en que momento da miña vida comecei a interesarme polo papel das mulleres na sociedade, así como sobre a inxusta situación que soportaban. Rebuscando na memoria para a elaboración deste texto, o primeiro que lembro é o impacto que me produciu a lectura do libro *La mujer en España*². Impresionárame tanto que, cos escasos cartos dos que daquela dispuña, mercara dous exemplares máis para llelos agasallar a dúas persoas que daquela eran moi boas amigas miñas. A raíz desta lectura escribira un artigo na revista quincenal *La Torre*, que se publicaba na Universidade Laboral de Xixón, onde eu estaba daquela, facendo a carreira de Peritaxe

¹ Fernández Paz, Agustín (2008): "As paisaxes da memoria", en Carlos Lomas (coord.): *Textos literarios y contextos escolares*. Barcelona, Graó.

² Boffill, Mireia; Fabra, M^a Luisa; Sallés, Ana; Vallés, Elisa (1967): *La mujer en España*. Barcelona, Ediciones de Cultura Popular.

Industrial. Sei que gardo unha copia dese artigo por algures, mais non fun quen de atopala.

A partir de 1967, como moitas outras persoas da miña xeración, comecei a ler de xeito sistemático *Triunfo* e *Cuadernos para el diálogo*. Estas dúas revistas, de acordo co seu enfoque democrático e progresista, ocupábanse con certa frecuencia de cuestións relacionadas coa situación social das mulleres e do incipiente movemento feminista que daquela había en España. Lembro especialmente un número extraordinario de *Cuadernos para el diálogo*, “La mujer”³, que aínda conservo profusamente subliñado. E tamén algúns números de *Triunfo*, como o monográfico “El matrimonio”⁴, que fora secuestrado e motivara o peche da revista durante medio ano⁵. En *Triunfo* publicaba habitualmente Nuria Pompeia, con viñetas semanais de moito interese, referidas á loita das mulleres por se emanciparen.

Estes datos poden servir para rastrexar o meu interese inicial, que se veu acrecentado nos anos inmediatamente anteriores e posteriores á morte de Franco. Foron moi numerosas as revistas (*Cuadernos de Pedagogía*, *Reforma de la Escuela*, *El Viejo Topo*, *Teima*, *Por Favor...*) e periódicos (*EL PAIS*, *A Nosa Terra...*) que viron a luz nesa etapa de intensa confrontación de ideas. De entre elas, para a historia que tento contar, destacarei *Vindicación Feminista*, que se publicou mensualmente entre xullo de 1976 e o mesmo mes de 1979.

En 1974, despois de estudar Maxisterio n’A Coruña, comecei a dar clase. Era un tempo onde aínda rexía a separación escolar entre nenos e nenas, que tardaría varios

³ AA. VV (1965): *Cuadernos para el Diálogo*. Extraordinario sobre La Mujer. Madrid.

⁴ AA. VV (1972): *Triunfo*. Monográfico “El matrimonio”. Madrid.

⁵ Os últimos anos do franquismo, contra o que ás veces se nos quere facer crer, caracterizáronse tamén por unha intensa represión das ideas.

anos en desaparecer. E foron tamén os anos en que se publicaron numerosos libros⁶ que abordaban desde múltiples perspectivas os problemas que a muller tiña nunha sociedade que aínda lle negaba os dereitos máis básicos⁷.

Cando saíu *Vindicación Feminista*, a miña dona e mais eu dabamos clase no colexio público de Gernika. Lembro ben o moito que nos interesou e a atención con que a seguíamos mes e mes, sobre todo polos artigos que tiñan que ver co oficio de ensinar (entre eles, algún sobre os roles masculinos e femininos nos contos tradicionais e na literatura infantil).

2. Os primeiros textos

Neses anos da década dos setenta foi cando agromaron con forza os movementos de renovación pedagóxica; dentro do seu ideario, a coeducación e o tratamento dos roles de xénero ocupaba un lugar importante na súa reflexión e na súa práctica. Tamén no Movemento Cooperativo da Escola Popular Galega (MCEPG) e no Colectivo Avantar, os dous movementos en que me integrei cando regresei a Galicia.

O Colectivo Avantar formouse en 1978, na bisbarra de Ferrolterra, co propósito de intercambiar experiencias e materiais sobre a utilización do galego na aula. Aos poucos meses de funcionamento, recibimos a proposta de Xulián Maure, que viña de fundar Edicións Xerais de Galicia, de elaborar os primeiros libros de texto para a materia de

⁶ En Galicia, María Xosé Queizán publicou *A muller en Galicia* (O Castro, 1977) e *Recuperemos as mans* (Edicións do Cerne, 1980).

⁷ Nun artigo recente (“Palabras desatendidas”. EL PAÍS, 26-3-2010), Suso de Toro, con ocasión do 25º aniversario da revista Festa da Palabra Silenciada, fai unha lúcida análise do que significou a aparición do feminismo na cultura política do antifranquismo. Entre outras cousas, afirma que “o feminismo é un dos sinais máis claros da modernidade dunha sociedade ou, mellor, do grao de democracia interna. (...) A cultura democrática leva dentro inevitablemente o feminismo ou non é democrática.”

Lingua Galega, unha serie que logo se chamaría *O Noso Galego*⁸. Non é este o lugar para relatar un proceso que merecería ser contado polo miúdo. Para o que nos ocupa, só direi que o grupo de once persoas que asumimos a elaboración dos libros decidimos que cada un dos temas que os compuñan xirase ao redor dun centro de interese; entre estes, incluíanse a coeducación e os roles sociais de xénero.

Como cada tema se abría cunha lectura, e non dabamos atopado textos axeitados no corpus da literatura galega de entón, tivemos que recorrer a traducións (coma tal, “A boneca de transistores”, de Gianni Rodari) e a textos específicos que eu me encargaba de escribir. Así naceron os meus primeiros relatos con protagonista feminina e cun enfoque “a favor das nenas”, por usar a frase dunha colección de literatura infantil moi popular naqueles anos. De entre os varios que escribín, “A carreira”, que logo reciclei no meu libro *Rapazas*, e “Rosas para un tempo novo”, que permanece inédito, parécenme os que mellor resisten o paso do tempo.

Durante estes cursos, eu daba clases en Mugardos e promovía de xeito moi activo a lectura entre o meu alumnado, unha práctica que tamén me obrigaba a min a ler e seleccionar os bos libros infantís e xuvenís que se publicaban naqueles anos⁹. A través dos comentarios dalgunhas nenas, fíxoseme máis evidente o que xa sabía: os libros que tivesen rapazas ou mulleres como protagonistas case se podían contar cos dedos dunha man; e o panorama aínda era máis ermo se se trataba de buscar un libro de aventuras (con algunhas excepcións, como a magnífica *A illa dos arroaces azuis*, de Scott O’Dell). Visto desde hoxe pode parecer insólito, mais daquela non había outra cousa que lles ofrecer. Dalgún xeito, esa carencia levoume a prometer que, se algún día eu

⁸ Os textos que elaborou o Colectivo Avantar foron, por esta orde, *O Noso Galego 6*, *O Noso Galego 7*, *O Noso Galego 8* e *O Noso Galego 5*.

⁹ Nos anos setenta e nos primeiros oitenta, comezou a se traducir en España aos autores e autoras que renovaran a literatura infantil e xuvenil europea: Astrid Lindgren, Roal Dhal, Maria Gripe, Gianni Rodari, Christine Nöstlinger, Michael Ende... E, do ámbito portugués, Alice Vieira e a brasileira Lygia Bojunga.

chegaba a escribir as miñas propias historias, había axudar a que se remediase esa situación. Felizmente non fun só eu, senón ben máis persoas, de xeito que hoxe é doado atopar moitos e bos libros onde os personaxes femininos non asumen roles estereotipados e caducos.

Así que non é estraño que, ao escribir a miña primeira novela, *As flores radiactivas*¹⁰, elixise unha rapaza como protagonista. Unha rapaza valente e destemida, que xoga un papel moi activo nunha aventura de repercusión mundial, cun trasfondo ecoloxista e pacifista. Foi a primeira obra en que me metín –a través dos capítulos en primeira persoa, que se alternaban cos escritos en terceira- na creación dunha voz narradora feminina¹¹.

3. As voces femininas nos meus libros

No ano 1992 asistín a un *master* en coeducación organizado polo MEC e a Universidade de Barcelona. Estaba dirixido por Mary Nash, e por el pasaron moitas relatoras (e algún relator) de gran interese. Ese *master* influíume dun xeito poderoso, e a el se deben, polo menos, dous froitos que quero citar aquí: un deles é o traballo de investigación que realicei durante o curso, “Estereotipos masculinos e femininos na literatura infantil e xuvenil actual”¹². E o outro, a idea de escribir un libro que se tería que chamar *Rapazas*, porque estaría formado por diversos relatos cun fío común que lles dese unidade: o de teren unha rapaza como protagonista. Escribín eses contos nos

¹⁰ *As flores radiactivas* (1990). Edicións Xerais, Vigo.

¹¹ Na LIX galega, felizmente, xa apareceran obras como *O rei de nada*, de Sabela Álvarez Núñez, ou *O rescate do peneireiro*, de Marilar Aleixandre.

¹² Este traballo permanece inédito, se ben durante varios anos se puido consultar no Servicio de Documentación da Fundación Germán S. Ruipérez.

meses posteriores, e o libro resultante apareceu publicado en 1993¹³. Foi un libro que, ademais, tivo prolongación nunha nova novela, *Trece anos de Branca*: un dos contos pensados para *Rapazas* deu en medrar e pediu a extensión necesaria para se converter en novela. Un libro afortunado, por certo, pois gañou o Premio Edebé de Literatura Xuvenil no ano 1994¹⁴.

Rapazas e *Trece anos de Branca* foron dous libros escritos conscientemente “a favor das nenas”, o mesmo que un breve relato titulado *O tesouro do dragón Smaug*¹⁵. A partir de aí, e dun xeito paulatino, escribir desde unha voz narradora feminina pasou a ser algo case inconsciente: cando unha nova historia nacía na miña cabeza, atopábame con que, en moitos casos, agromaba contada desde unha voz feminina á que só había que deixala falar. Un proceso que non obedecía a unha decisión previa consciente; sinxelamente, a voz narradora desde a que se contaba a historia era a dun personaxe feminino.

Deste xeito, algúns dos meus libros están narrados en primeira persoa por unha muller (*Aire negro*, *O centro do labirinto*¹⁶, diversos relatos d’*O único que queda é o amor*), por unha moza (*Noite de voraces sombras*, *Corredores de sombra*, *Lúa do Senegal*) ou por unha nena (*No corazón do bosque*, *Avenida do Parque, 17*, *As fadas verdes*, *A serea da Illa Negra*, *Un tren cargado de misterios*, *Valados...*); aínda que, nestes últimos casos, o que emprego é unha voz narradora en terceira persoa que fala desde o punto de vista da nena protagonista; un cambio técnico que obedece á necesidade de dotar de verosimilitude o texto.

¹³ *Rapazas* (1993). Edicións Xerais, Vigo.

¹⁴ *Trece anos de Branca* (1994). Rodeira-Edebé, Barcelona.

¹⁵ *O tesouro do dragón Smaug* (1992). Galaxia, Vigo.

¹⁶ Sara, a protagonista desta novela de anticipación, está a piques de facer cincuenta anos e non pode afastar ese aniversario da cabeza; cando escribín o libro, eu estaba nunha situación semellante, así que lle transferín todos os meus medos.

Para non estenderme en exceso, só engadirei que todo o anterior pode lerse como unha explicación parcial de por que conto moitas das miñas historias a través dos ollos dun personaxe feminino. Supoño que hai ben máis razóns, unhas conscientes (como é a constatación de que nas conversas coas miñas amigas abordamos con facilidade o mundo dos sentimentos, cousa que só sucede en contados casos cos meus amigos) e outras inconscientes, que non teño interese ningún en analizar. Ao cabo, unha das marabillas da escritura é que o autor pode encarnarse nos personaxes que crea e vivir os feitos a través deles; a única condición é facelos cribles, conseguir dotalos de vida propia, que deixen pegada nos lectores, usando as palabras como único recurso. Que eu elixa facelo, en moitas ocasións, desde os ollos dun personaxe feminino, non ten nada de estraño; o estraño sería tratar de reflectir a vida deixando fóra a metade da humanidade.